

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concellaría de Normalización Lingüística

ENQUISA SOBRE A SITUACIÓN DO IDIOMA GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

A Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra establece, no artigo 31º, que "(...) é competencia da Comisión de Seguimento promover, chegado o caso, as medidas que se consideren oportunas para o cumprimento da Ordenanza". Consonte isto, a Comisión Interdepartamental de Seguimento da Ordenanza de impulso do uso do idioma galego, na xuntanza ordinaria do día 31 de marzo de 2009, adoptou o seguinte acordo:

"Realizar un estudo para obter a diagnose da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, consonte aos seguintes obxectivos xerais:

- Elaborar un informe sobre o desenvolvemento e o grao de cumprimento da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello.
- Implicar a todo o persoal ao servizo do Concello na xeración da información e dos datos necesarios para acadar o obxectivo do estudo.
- Obter información sobre os aspectos da Ordenanza que sexan susceptibles de modificación e que permitan mellorar o cumprimento da responsabilidade do Concello no tocante á normalización da lingua galega.

Co fin de obter información para elaborar o estudo, realizarase unha enquisa. Remitirase un cuestionario a cada traballador e traballadora do Concello de Pontevedra. As respostas serán individuais e anónimas; os cuestionarios cubertos devolveranse ao Servizo de Normalización Lingüística, nun prazo non superior aos 10 días despois de recibir o formulario para cubri-lo."


Xa que logo, de entre todas as medidas posibles para realizar un estudo sobre o uso do galego no Concello, a Comisión Interdepartamental optou por realizar o estudo a través dunha enquisa que terán que cubrir todos os traballadores e todas as traballadoras do Concello. Lémbrese que entre os membros da antedita Comisión Interdepartamental hai un representante do Comité de Empresa e outro da Xunta de Persoal, de acordo co art. 30.1 da Ordenanza.

Polo tanto, recórdase que existe a obriga de contestar a enquisa sobre a situación do idioma galego na Administración municipal antes do día 30/09/09.


De seren necesarios máis formularios, ou para aclarar calquera dúbida, poden poñerse en contacto co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Pontevedra, 22 de setembro de 2009



Damián Gómez Xunqueira
Concellero de Normalización Lingüística



Directores/as xerais, xefes/as de servizos, seccións, unidades e oficinas municipais



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ENQUIZA

SITUACIÓN DO IDIOMA GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

Servizo de Normalización Lingüística

Este cuestionario é anónimo e todos os datos recollidos serán tratados de forma conxunta, non individualizada, preservando os dereitos que lle outorgan o segredo estatístico e a Lei de protección de datos de carácter persoal. O seu obxectivo é realizar un diagnóstico sobre a situación do idioma galego no Concello de Pontevedra e non posúe ánimo fiscalizador ningún.

Por favor, marque a resposta que corresponda (existe a posibilidade de respostas múltiples alí onde se indica). Se comete un erro borre o lapis ou empregue un corrector (non entregue o cuestionario con riscos ou borróns).

Pregámoslle que entregue o cuestionario cuberto antes do 15 de setembro ao seu xefe ou xefa de servizo, ou ao Servizo de Normalización Lingüística. Moitas grazas.

A. ÁREAS

1. Por favor, sinala a área municipal á que pertence o seu posto de traballo:

- 1 Presidencia 2 Secretaría da Administración municipal e Secretaría do Pleno
 3 Direccións Xerais de Benestar Social, Educación e Promoción económica
 4 Direccións Xerais de Urbanismo e de Medio Ambiente, Proxectos e Obras
 5 Intervención Xeral, Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade e Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria
 6 Dirección Xeral de Disciplina e Policía Administrativa 7 Organismos Autónomos

B. DATOS PERSOAIS

2. Sinala o seu sexo:	3. Sinala o intervalo que corresponde á súa idade:
<input type="checkbox"/> 1 Home <input type="checkbox"/> 6 Muller	<input type="checkbox"/> 1 20 a 29 anos <input type="checkbox"/> 3 30 a 39 anos <input type="checkbox"/> 5 40 a 49 anos <input type="checkbox"/> 7 50 a 59 anos <input type="checkbox"/> 9 60 a 65 anos
4. Sinala o nivel de formación académica máis alto que teña completado:	
<input type="checkbox"/> 2 Estudos primarios <input type="checkbox"/> 4 Estudos secundarios <input type="checkbox"/> 6 Diplomado/a – Enxº. Téc. <input type="checkbox"/> 8 Licenciado/a – Enxº. Téc. Superior	
5. Sinala o lugar no que residiu durante máis tempo ao longo da súa vida:	
<input type="checkbox"/> 1 Zona urbana de Pontevedra <input type="checkbox"/> 12 Outra parroquia de Pontevedra <input type="checkbox"/> 13 Outro concello da comarca de Pontevedra <input type="checkbox"/> 14 Outro municipio galego das áreas urbanas e metropolitanas <input type="checkbox"/> 15 Outro municipio galego do medio rural ou vilego <input type="checkbox"/> 16 Outro municipio do resto de España <input type="checkbox"/> 17 No estranxeiro	
6. Sinala o lugar no que reside na actualidade:	
<input type="checkbox"/> 1 Zona urbana de Pontevedra <input type="checkbox"/> 62 Outra parroquia de Pontevedra <input type="checkbox"/> 63 Outro concello da comarca de Pontevedra <input type="checkbox"/> 64 Outro municipio galego das áreas urbanas e metropolitanas <input type="checkbox"/> 65 Outro municipio galego do medio rural ou vilego	
7. Anote o tempo que leva residindo en Galicia: _____ anos	

C. DATOS LABORAIS

8. Sinala a súa vinculación laboral co Concello:	9. Sinala o grupo ou categoría que lle corresponde:
<input type="checkbox"/> 1 Funcionario/a <input type="checkbox"/> 4 Laboral fixo/a <input type="checkbox"/> 5 Laboral temporal	<input type="checkbox"/> 1 A1 <input type="checkbox"/> 2 A2 <input type="checkbox"/> 3 C1 <input type="checkbox"/> 4 C2 <input type="checkbox"/> 9 AP
10. Canto tempo leva traballando no Concello? _____ anos	11. E en total na Administración Pública? _____ anos

D. USOS LINGÜÍSTICOS

12. En que idioma aprendeu a falar?
<input type="checkbox"/> 1 Galego <input type="checkbox"/> 2 Castelán <input type="checkbox"/> 3 Os dous <input type="checkbox"/> 4 Outros idiomas diferentes
13A. (Só se respondeu 1 ou 3 na pregunta 12 anterior) Falou sempre maioritariamente o mesmo idioma?
<input type="checkbox"/> 1 Si <input type="checkbox"/> 4 Non, cambiou do galego ao castelán <input type="checkbox"/> 6 Non, cambiou do castelán ao galego
13B. (Só se respondeu 5 na pregunta 12 anterior) Falou sempre aproximadamente a mesma proporción de galego e castelán?
<input type="checkbox"/> 1 Si <input type="checkbox"/> 3 Non, cada vez falou máis castelán <input type="checkbox"/> 5 Non, cada vez falou máis galego

14. Que idioma fala de forma habitual fóra do traballo (coa familia, as amizades, no tempo de lecer ou de compras)?

12 Só galego 14 Máis galego ca castelán 16 Máis castelán ca galego 18 Só castelán

15. Que idioma fala de forma habitual no traballo?

22 Só galego 24 Máis galego ca castelán 26 Máis castelán ca galego 28 Só castelán

16. Se un/unha cidadán/á se dirixe a vostede en galego, vostede fala en...?

21 Galego 26 Castelán

17. E se un/unha cidadán/á se dirixe a vostede en castelán, vostede fala en...?

71 Galego 76 Castelán

18. Por favor, sinala o criterio ou criterios que emprega habitualmente para escoller o idioma ou idiomas que utiliza:

1 Emprego basicamente un idioma, sempre o mesmo 2 Dependendo do idioma do/da interlocutor/a

3 O maioritario no meu ambiente ou contorno 4 O habitual no meu traballo.

5 Por imperativo legal ou normativo 6 Ningún criterio en especial

9 Outro criterio diferente (por favor, detálleo):

19. Con que frecuencia usa o galego de forma xeral?

1 Sempre 3 Habitualmente 5 Ás veces 7 Nunca

20. Con que frecuencia usa o galego nas seguintes situacións e cos seguintes interlocutores/as?

A. Pai/Nai: 11 Sempre 13 Habitualmente 15 Ás veces 17 Nunca

B. Fillos/as: 21 Sempre 33 Habitualmente 35 Ás veces 37 Nunca

C. Parella/Cónxuxe: 31 Sempre 53 Habitualmente 55 Ás veces 57 Nunca

D. Amizades/Veciñanza: 71 Sempre 73 Habitualmente 75 Ás veces 77 Nunca

E. Superiores do traballo: 91 Sempre 93 Habitualmente 95 Ás veces 97 Nunca

F. Compañeiros/as de traballo: 23 Sempre 23 Habitualmente 25 Ás veces 27 Nunca

G. Cidadáns/ás – Administrados/as: 43 Sempre 43 Habitualmente 45 Ás veces 47 Nunca

21. Existen persoas no seu contorno laboral ás que se dirixe exclusivamente en galego?

1 Si 6 Non

E. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

22. Por favor, sinala o ítem ou ítems correspondentes ás clases de formación en lingua galega que teña completado:

1 CELGA 1

2 Ensino primario obrigatorio (EXB ou equivalente) / curso de iniciación / CELGA 2

3 Ensino secundario obrigatorio (ESO, FP1 ou equivalente) / CELGA 3

4 Ensino secundario non obrigatorio (BUP, Bacharelato LOGSE, FP2 ou equivalente) / curso de perfeccionamento / CELGA 4

5 Ensino universitario

6 Outros estudos regrados ou oficiais (p.ex.: Escola Oficial de Idiomas)

7 Formación continua (cursos específicos ou de especialización, p.ex.: linguaxe xurídica e administrativa)

9 Outros cursos de formación en lingua galega (por favor, detálleos):

23. Cal é o seu grao de competencias en lingua galega?

A. Entende unha conversa en galego... 21 Sen dificultades 24 Con algunha dificultade 27 Con moita dificultade

B. Le un libro ou xornal en galego... 41 Sen dificultades 44 Con algunha dificultade 47 Con moita dificultade

C. Participa nunha conversa en galego... 61 Sen dificultades 64 Con algunha dificultade 67 Con moita dificultade

D. Redacta un texto en galego... 81 Sen dificultades 84 Con algunha dificultade 87 Con moita dificultade

24. Cal diría vostede que é a súa necesidade de aprender, completar e/ou actualizar coñecementos de lingua galega aplicados ao seu traballo?

1 Baixa 1 Media 3 Alta

F. ACTITUDES CARA Á LINGUA

25. Síñale o seu grao de acordo ou desacordo cos enunciados seguintes:

A. O esforzo de normalización da lingua galega feito polas administracións públicas durante os últimos 25 anos non renderon froitos.....

11 Acordo total 15 Bastante en desacordo
13 Bastante de acordo 17 Desacordo total

B. A falta de oportunidades laborais e a discriminación salarial provocan que os colectivos con máis paro como as mulleres e os mozos galegos adopten preferentemente o castelán.....

31 Acordo total 35 Bastante en desacordo
33 Bastante de acordo 37 Desacordo total

C. Coñecer e usar só un idioma nun lugar onde se poden usar máis significa comodidade e pobreza intelectual.....

51 Acordo total 55 Bastante en desacordo
53 Bastante de acordo 57 Desacordo total

D. Cómpre tomar medidas lexislativas, de discriminación positiva e de dinamización para frear a actual perda de falantes da lingua galega.....

71 Acordo total 75 Bastante en desacordo
73 Bastante de acordo 77 Desacordo total

E. A lingua galega permite establecer estruturas complexas de pensamento.....

91 Acordo total 95 Bastante en desacordo
93 Bastante de acordo 97 Desacordo total

F. A normalización da lingua galega pasa polo fomento do seu uso tanto nos ámbitos formais (escola, administracións) como nos informais (lecer, consumo, empresa).....

21 Acordo total 25 Bastante en desacordo
23 Bastante de acordo 27 Desacordo total

G. A aprendizaxe do galego facilita o coñecemento doutras linguas diferentes e permite entenderse cos pobos de fala portuguesa en catro continentes (Europa, África, América e Asia).....

41 Acordo total 45 Bastante en desacordo
43 Bastante de acordo 47 Desacordo total

H. Cada pobo ten a obriga de coidar a súa lingua e a súa cultura para deixárllelas en herdanza ás xeracións vindeiras.....

61 Acordo total 65 Bastante en desacordo
63 Bastante de acordo 67 Desacordo total

I. Para a aprendizaxe da lingua galega non é necesario un nivel de esixencia formal tan alto como o do castelán.....

81 Acordo total 85 Bastante en desacordo
83 Bastante de acordo 87 Desacordo total

26. Risque aqueles cualificativos que na súa opinión mellor describen a lingua galega:

1 Agradable 2 Dificil 3 Histórica 4 Imposta 5 Rica 6 Interesante 7 Ampla 8 Culta 9 Útil
10 Inventada 11 Propia 12 Importante 13 Secundaria 14 Alíea

G. O IDIOMA GALEGO EN PONTEVEDRA

27. Como valora vostede a situación do uso do idioma galego nos seguintes ámbitos da sociedade pontevedresa?

A. Administración 12 Moi boa 14 Boa 16 Mala 18 Moi mala 10 Non sabe

B. Comercio 32 Moi boa 34 Boa 36 Mala 38 Moi mala 30 Non sabe

C. Ensino 52 Moi boa 54 Boa 56 Mala 58 Moi mala 50 Non sabe

D. Empresas 72 Moi boa 74 Boa 76 Mala 78 Moi mala 70 Non sabe

E. Cultura 92 Moi boa 94 Boa 96 Mala 98 Moi mala 90 Non sabe

F. Medios de comunicación 2 Moi boa 4 Boa 6 Mala 8 Moi mala 0 Non sabe

G. Sanidade 22 Moi boa 24 Boa 26 Mala 28 Moi mala 20 Non sabe

H. Ocio ou lecer 42 Moi boa 44 Boa 46 Mala 48 Moi mala 40 Non sabe

I. Novas tecnoloxías 62 Moi boa 64 Boa 66 Mala 68 Moi mala 60 Non sabe

L. Deportes 82 Moi boa 84 Boa 86 Mala 88 Moi mala 80 Non sabe

H. O IDIOMA GALEGO NO CONCELLO

28. Que nivel de prestixio/importancia simbólica diría vostede que ten o idioma galego para...

A. A Corporación Municipal 11 Moito/a 13 Bastante 15 Pouco/a 17 Ningún/ha

B. O funcionariado 31 Moito/a 33 Bastante 35 Pouco/a 37 Ningún/ha

C. Os/as administrados/as 51 Moito/a 53 Bastante 55 Pouco/a 57 Ningún/ha

29. Cre que a utilización do idioma galego na Administración axuda a mellorar a comunicación do seu funcionamento...?

- A. A nivel interno: 22 Si, moito 24 Si, bastante 26 Si, pero pouco 28 Non, nada
B. A nivel externo: 12 Si, moito 74 Si, bastante 76 Si, pero pouco 78 Non, nada

30. En xeral e para vostede, cal é o nivel de coñecemento do galego que amosan cara ao público...

- A. Os servizos e oficinas municipais? 1 Avanzado / Perfeccionamento 3 Básico / Iniciación 5 Nulo
B. Os/as concelleiros/as? 61 Avanzado / Perfeccionamento 63 Básico / Iniciación 65 Nulo

31. E cal é o grao de uso do idioma galego por parte de...

- A. Os servizos e oficinas municipais? 32 Excesivo 34 Adecuado 36 Insuficiente
B. Os/as concelleiros/as? 82 Excesivo 84 Adecuado 86 Insuficiente

32. Canta responsabilidade lle atribúe vostede no proceso de normalización lingüística do galego aos axentes seguintes?

- A. O Concello 11 Moita 13 Bastante 15 Pouca 17 Ningunha
B. O funcionariado 41 Moita 43 Bastante 45 Pouca 47 Ningunha
C. A cidadanía 71 Moita 73 Bastante 75 Pouca 77 Ningunha

33. Valore o papel que no proceso de normalización lingüística desempeña...

- A. O Concello 21 Bo 23 Nin bo nin malo 25 Malo
B. O funcionariado 51 Bo 53 Nin bo nin malo 55 Malo
C. A cidadanía 31 Bo 33 Nin bo nin malo 35 Malo

I. ORDENANZA MUNICIPAL DE IMPULSO DO USO DO GALEGO

34. Antes de responder a este cuestionario, coñecía vostede o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra?

- 2 Si, e traballou nalgún momento con el 4 Si, pero non traballou con el 6 Non

35. Sabía da existencia da Ordenanza de impulso do uso do galego (OIUG) do Concello de Pontevedra?

- 1 Si, e coñece ou leu todos os seus contidos
3 Si, pero só coñece ou leu os contidos relativos ao seu posto de traballo
5 Si, pero non coñece nin leu os seus contidos
7 Non (pase á pregunta 43)

36. Sabe cando aprobou o Pleno do Concello a Ordenanza de impulso do uso do galego? Ano ____ 0 Non sabe

37. Marque a forza ou forzas políticas que apoiaron no Pleno a súa aprobación:

- 2 BNG 4 PSOE 6 PP 8 Non sabe

38. Sinale cal ou cales dos seguintes instrumentos municipais de normalización lingüística coñecía vostede:

- 1 Comisión Interdepartamental de Seguimento da Ordenanza de impulso do uso do galego
3 Rede de Entidades Amigas da Lingua

39. Cal é, na súa opinión, o grao de cumprimento da Ordenanza de impulso do uso do galego en todo o que atinxe a...

- A. O desempeño do seu posto de traballo individual: 11 Pleno 13 Elevado 15 Parcial 17 Nulo
B. O funcionamento do conxunto da súa unidade administrativa: 61 Pleno 63 Elevado 65 Parcial 67 Nulo

40. Cre que se está a incumprir a Ordenanza de impulso do uso do galego?

- 1 Si, de forma xeral 3 Si, nalgúns aspectos 5 Non (pase á pregunta 42)

41. quen cre que ten máis responsabilidade nesa situación de incumprimento da Ordenanza de impulso do uso do galego?

- 1 Os/as funcionarios/as 3 Os/as políticos/as 5 Ambos por igual

42. Coida que o cumprimento da Ordenanza de impulso do uso do galego axuda a mellorar a situación do idioma galego na Administración municipal?

- 1 Si, moito 4 Si, bastante 6 Si, pero pouco 8 Non, nada

Nesta táboa listanse varios ámbitos de uso do galego no Concello, externos ou públicos. Por favor, responda ás preguntas que se formulan en cada columna para cada ítem ou fila.

	43. Segundo o que vostede percibe, cal é o nivel de uso e de presenza do idioma galego en...?				44. E polo que vostede percibe, cal foi a evolución do uso e da presenza do idioma galego nos últimos 5 anos en...?			(Só se respondeu 1, 3, 5 na pregunta 35) 45. Sabe se a OIUG regula o nivel de uso do galego en...?	
	11 <input type="checkbox"/>	13 <input type="checkbox"/>	15 <input type="checkbox"/>	17 <input type="checkbox"/>	12 <input type="checkbox"/>	14 <input type="checkbox"/>	16 <input type="checkbox"/>	11 <input type="checkbox"/>	13 <input type="checkbox"/>
	Sempre	das veces	Algunha vez	Nunca	Máis	Igual	Menos	Si	Non
A. Impresos e formularios a disposición da cidadanía.....	31 <input type="checkbox"/>	33 <input type="checkbox"/>	35 <input type="checkbox"/>	37 <input type="checkbox"/>	32 <input type="checkbox"/>	34 <input type="checkbox"/>	36 <input type="checkbox"/>	31 <input type="checkbox"/>	33 <input type="checkbox"/>
B. Notificacións a persoas físicas ou xurídicas.....	51 <input type="checkbox"/>	53 <input type="checkbox"/>	55 <input type="checkbox"/>	57 <input type="checkbox"/>	52 <input type="checkbox"/>	54 <input type="checkbox"/>	56 <input type="checkbox"/>	51 <input type="checkbox"/>	53 <input type="checkbox"/>
C. Documentos, certificados e xustificantes expedidos.....	71 <input type="checkbox"/>	73 <input type="checkbox"/>	75 <input type="checkbox"/>	77 <input type="checkbox"/>	72 <input type="checkbox"/>	74 <input type="checkbox"/>	76 <input type="checkbox"/>	71 <input type="checkbox"/>	73 <input type="checkbox"/>
D. Atención ao público.....	91 <input type="checkbox"/>	93 <input type="checkbox"/>	95 <input type="checkbox"/>	97 <input type="checkbox"/>	92 <input type="checkbox"/>	94 <input type="checkbox"/>	96 <input type="checkbox"/>	91 <input type="checkbox"/>	93 <input type="checkbox"/>
E. Páxina web municipal.....	21 <input type="checkbox"/>	23 <input type="checkbox"/>	25 <input type="checkbox"/>	27 <input type="checkbox"/>	22 <input type="checkbox"/>	24 <input type="checkbox"/>	26 <input type="checkbox"/>	21 <input type="checkbox"/>	23 <input type="checkbox"/>
F. Publicacións e carteis editados polo Concello.....	41 <input type="checkbox"/>	43 <input type="checkbox"/>	45 <input type="checkbox"/>	47 <input type="checkbox"/>	42 <input type="checkbox"/>	44 <input type="checkbox"/>	46 <input type="checkbox"/>	41 <input type="checkbox"/>	43 <input type="checkbox"/>
G. Publicacións subvencionadas e patrocinadas polo Concello.....	61 <input type="checkbox"/>	63 <input type="checkbox"/>	65 <input type="checkbox"/>	67 <input type="checkbox"/>	62 <input type="checkbox"/>	64 <input type="checkbox"/>	66 <input type="checkbox"/>	61 <input type="checkbox"/>	63 <input type="checkbox"/>
H. Placas de rúas e rótulos e indicadores viarios.....	81 <input type="checkbox"/>	83 <input type="checkbox"/>	85 <input type="checkbox"/>	87 <input type="checkbox"/>	82 <input type="checkbox"/>	84 <input type="checkbox"/>	86 <input type="checkbox"/>	81 <input type="checkbox"/>	83 <input type="checkbox"/>
I. Intervencións dos edís en representación do seu cargo....									

Nesta táboa listanse varios ámbitos de uso do galego no Concello, todos internos. Por favor, responda as preguntas que se formulan en cada columna para cada ítem ou fila.

	46. Segundo o que vostede percibe, cal é o nivel de uso e de presenza do idioma galego en...?				47. E polo que vostede percibe, cal foi a evolución do uso e da presenza do idioma galego nos últimos 5 anos en...?			(Só se respondeu 1, 3, 5 na pregunta 35) 48. Sabe se a OIUG regula o nivel de uso do galego en...?	
	11 <input type="checkbox"/>	13 <input type="checkbox"/>	15 <input type="checkbox"/>	17 <input type="checkbox"/>	12 <input type="checkbox"/>	14 <input type="checkbox"/>	16 <input type="checkbox"/>	11 <input type="checkbox"/>	13 <input type="checkbox"/>
	Sempre	das veces	Algunha vez	Nunca	Máis	Igual	Menos	Si	Non
A. Convocatorias e actas de sesións e reunións.....	31 <input type="checkbox"/>	33 <input type="checkbox"/>	35 <input type="checkbox"/>	37 <input type="checkbox"/>	32 <input type="checkbox"/>	34 <input type="checkbox"/>	36 <input type="checkbox"/>	31 <input type="checkbox"/>	33 <input type="checkbox"/>
B. Resolucións da Alcaldía.....	51 <input type="checkbox"/>	53 <input type="checkbox"/>	55 <input type="checkbox"/>	57 <input type="checkbox"/>	52 <input type="checkbox"/>	54 <input type="checkbox"/>	56 <input type="checkbox"/>	51 <input type="checkbox"/>	53 <input type="checkbox"/>
C. Ditames, informes e propostas emitidos polos servizos.....	71 <input type="checkbox"/>	73 <input type="checkbox"/>	75 <input type="checkbox"/>	77 <input type="checkbox"/>	72 <input type="checkbox"/>	74 <input type="checkbox"/>	76 <input type="checkbox"/>	71 <input type="checkbox"/>	73 <input type="checkbox"/>
D. Documentos, contratos e expedientes de carácter interno.	91 <input type="checkbox"/>	93 <input type="checkbox"/>	95 <input type="checkbox"/>	97 <input type="checkbox"/>	92 <input type="checkbox"/>	94 <input type="checkbox"/>	96 <input type="checkbox"/>	91 <input type="checkbox"/>	93 <input type="checkbox"/>
E. Asentos nos rexistros.....	1 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>	7 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	6 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
F. Material de oficina (papel oficial, cartas, cuños, selos).....	21 <input type="checkbox"/>	23 <input type="checkbox"/>	25 <input type="checkbox"/>	27 <input type="checkbox"/>	22 <input type="checkbox"/>	24 <input type="checkbox"/>	26 <input type="checkbox"/>	21 <input type="checkbox"/>	23 <input type="checkbox"/>
G. Rótulos e indicadores dos edificios municipais.....	41 <input type="checkbox"/>	43 <input type="checkbox"/>	45 <input type="checkbox"/>	47 <input type="checkbox"/>	42 <input type="checkbox"/>	44 <input type="checkbox"/>	46 <input type="checkbox"/>	41 <input type="checkbox"/>	43 <input type="checkbox"/>
H. Aplicacións informáticas.....	61 <input type="checkbox"/>	63 <input type="checkbox"/>	65 <input type="checkbox"/>	67 <input type="checkbox"/>	62 <input type="checkbox"/>	64 <input type="checkbox"/>	66 <input type="checkbox"/>	61 <input type="checkbox"/>	63 <input type="checkbox"/>
I. Estudos, informes e planos de asistencia técnica.....	81 <input type="checkbox"/>	83 <input type="checkbox"/>	85 <input type="checkbox"/>	87 <input type="checkbox"/>	82 <input type="checkbox"/>	84 <input type="checkbox"/>	86 <input type="checkbox"/>	81 <input type="checkbox"/>	83 <input type="checkbox"/>
L. Vestiario e uniformes.....									
M. Vehículos e demais elementos do parque móbil.....	11 <input type="checkbox"/>	13 <input type="checkbox"/>	15 <input type="checkbox"/>	17 <input type="checkbox"/>	12 <input type="checkbox"/>	14 <input type="checkbox"/>	16 <input type="checkbox"/>	11 <input type="checkbox"/>	13 <input type="checkbox"/>
N. Formación, cursos e charlas.....	31 <input type="checkbox"/>	33 <input type="checkbox"/>	35 <input type="checkbox"/>	37 <input type="checkbox"/>	32 <input type="checkbox"/>	34 <input type="checkbox"/>	36 <input type="checkbox"/>	31 <input type="checkbox"/>	33 <input type="checkbox"/>

Con isto remata o cuestionario. Moitas grazas pola súa colaboración.

Se desexa realizar algún comentario, suxestión ou observación pode facelo no seguinte espazo:

L. OBSERVACIÓNS
